



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



Aprendendo con Seoane

*Unha pequena guía didáctica sobre a obra de Luís Seoane
no Museo de Belas Artes da Coruña*



Aprendendo con Seoane é unha pequena guía didáctica sobre o artista Luís Seoane e as súas obras na colección do museo de Belas Artes da Coruña. Co presente documento queremos dar unhas pinceladas sobre este creador único, facendo unha pequena achega a súa figura, o seu estilo e algúns dos seus temas máis representativos. Acompañando ao texto propónse unha serie de actividades pensadas para o alumnado de Educación Primaria.

Animámosvos a realizar estes exercicios e compartir con nós os vosos resultados a través do correo electrónico:

mu.belas.artes.difusion@xunta.gal.

Aprendendo con Seoane está escrito e deseñado polas educadoras Laura Domínguez Éstevez e Lucía Hidalgo Portomeñe para o Departamento de Didáctica do Museo de Belas Artes da Coruña.

LUÍS SEOANE NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA

O artista: Luís Seoane

Sempre que se fala de Luís Seoane emprégase para definilo o adxectivo de polifacético e é que a súa labor chegou moito máis alá da pintura. Foi promotor de moitas iniciativas culturais e case podemos consideralo unha fábrica humana de ideas e creacións. Tense loado a súa achega as artes plásticas: pintor, debuxante, gravador, deseñador, ilustrador, muralista... Mais tamén foi escritor (de poesía, teatro, artigos periodísticos...), editor e empresario cultural. Traballou arreo para dignificar e engrandecer a cultura e a arte galega.

Naceu en Bos Aires en 1910 no seo dunha familia de emigrantes galegos. En 1916 regresaron xuntos a Galicia, pasando a súa infancia na Coruña e os seus anos de estudante universitario en Santiago de Compostela, onde estudou a carreira de Dereito. Alí comezou o seu compromiso con Galicia, entrando en contacto cos intelectuais galegos da época e, entre outras cousas, formando parte do grupo de Os Novos ou Os Renovadores xunto con outros pintores como Carlos Maside, Arturo Souto, Manuel Colmeiro, Laxeiro ou Manuel Torres.

En 1936, tras o estoupido da Guerra Civil, viuse na obriga de exiliarse a Bos Aires. Foi alí onde experimentou coas distintas técnicas artísticas e onde atopou o seu estilo característico. Ese estilo foi mudando ao longo do tempo pero as súas preocupacións e teimas seguiron a ser as que deixara na súa terra, se cadra agora vividas con máis firmeza. Deste xeito Luís Seoane continuou representando Galicia dende o exilio arxentino, desde a lembranza e a morriña. A arte para el debía ter unha función social, unha mensaxe, e esa función foi a de enaltecer e honrar a cultura galega.

Na súa obra plástica pode verse unha fusión entre a tradición popular galega e a linguaxe pictórica vangardista.

A obra de Seoane no Museo de Belas Artes de Coruña

De entre a gran cantidade de obras que realizou Luís Seoane, o Museo de Belas Artes da Coruña conta cun bo número de óleos e gravados, un feito que se debe á importante doazón de Elvira Fernández (Maruxa Seoane), viúva do artista, no ano 1993.

Colección de gravados

Entre 1937 e 1979, Luís Seoane editou preto de 60 álbums de debuxos e gravados en Arxentina, Alemaña e Galicia. Moitos dos seus gravados empregáronse para ilustrar libros, textos ou poemarios de personalidades próximas ao artista. No Museo de Belas Artes da Coruña consérvanse nove álbums completos, así como estampas soltas pertencentes a outras compilacións, son gravados que reflicten a denuncia social, a arte medieval, a paisaxe, os astros, ou a figuración humana, con retratos de personaxes históricos e sobre todo coa representación da muller, que encerra un gran simbolismo.



En 1974 realizou o álbum de **serigrafías** de temática circense, aínda que non se publicou ata 1979. O estilo destes gravados lembra ao empregado na súa faceta muralística. Outra técnica que empregou nas series foi a da xilografía.



Nesta edición facsímil de 1975 recóllense unha serie de **xilografías** aparentemente de carácter científico, que representan diferentes insectos; sen embargo, estes aparecen deformados e acompañados dunha inscrición **satírica**, achegándoos á verdadeira finalidade do artista, á crítica social, comparando aos insectos cos homes. "*Ningún pode rir dun home, mais si sorrir do insecto que levan en sí tantos homes*".

Colección de óleos

Ademais dos gravados, o museo conta cunha ampla colección de óleos de Luís Seoane. Esta permítenos comprobar como foi evolucionando o seu xeito de pintar, a partir dos anos 60 as súas obras presentan un estilo moi seu que define a súa pintura.

Estilo

Seoane buscaba a síntese e a simplificación, de forma que para representar una figura ía os rasgos máis definitorios da mesma. A cor é o elemento fundamental da súa arte. As cores son superficies cromáticas totalmente planas: non hai tonalidades, non hai medias tintas. Cores puras, saturadas e intensas. A liña negra vai por libre, deixa de ser o debuxo que marca o contorno das figuras para actuar como indicadora de detalles (unhas mans, un rostro, uns peitos...). Seoane colorea primeiro e logo debuxa sobre a cor, ó contrario do que habitualmente facemos cando queremos pintar un cadro.

Temas

Entre os seus óleos, destaca a importancia da figura da muller como tema, esas mulleres anónimas de diferentes ámbitos e condicións sociais. Doutra banda, son evidentes as referencias a Galicia mediante a representación das súas paisaxes, a súa historia, os seus costumes, as súas tradicións, as súas referencias mitolóxicas e lendarias e as súas xentes. Xentes a través das que denuncia problemas sociais, entre os que destaca a emigración, un fenómeno que afectou en gran medida á poboación galega. A constante referencia a Galicia é indispensable para entender a figura do Seoane artista e intelectual.

Algúns exemplos

Paisaxe con árbores (1960)



A paisaxe foi un tema moi importante na obra de Luís Seoane. Desde o **exilio** o artista representaría os recordos da súa adorada Galicia; as veces a través das súas xentes e os seus mitos e outras a través da súa paisaxe. O mar, a cidade, o rural... serán temas recorrentes que o artista plasmará con certa morriña. *Paisaxe con árbores* é un cadro practicamente abstracto. É o título o que nos da a pista para recoñecer nas formas plasmadas as distintas árbores. As cores son brillantes e intensas, tendentes á xeometría. A liña, autónoma, marca os troncos e as copas das árbores dun xeito esquemático.

Emigrante (1967)




Sen abandonar o protagonismo da figura feminina, entendida como emblema do ser de Galicia, cuns trazos simples define o corpo desta muller sentada, de fronte e coas mans sobre o regazo. Sobre o peito ten un cartel no que está escrita en francés unha lenda cos datos que a identifican: ELLE S`APELLE / MANUELA RODRÍGUEZ / ELLE EST ANALPHABÉTE / AIDEZ - A / GENÈVE 1963. Con esta obra Seoane denuncia unha realidade social da época, a **emigración** e o analfabetismo.

As mariscadoras (1969)



O lenzo é outro exemplo da desvinculación entre as cores e as formas, realizadas mediante unha serie de trazos. Nesta composición, a liña e a cor concíbense como elementos autónomos, dominan a cor vermella, o azul índigo e o laranxa, aos que se suman trazos xeométricos moi simples que complementan os planos de cor. Unha concepción que leva parella unha tendencia á síntese e á esquematización das formas chegando á construción dunha linguaxe plástica propia que se pon de manifesto nos óleos, gravados e murais de Seoane. As figuras femininas, que toman o protagonismo do cadro, son un dos arquetipos populares galegos presentes na obra do pintor. É un exemplo da referencia a Galicia e da intención de destacar o papel das mulleres traballadoras, neste caso as mariscadoras.

Tres soles en Galicia (1967)



Os astros foi outro dos temas que plasmou tanto nos lenzos como nos gravados. Este interese pola **astroloxía** mesturouna coa fascinación coa mitoloxía e as lendas galegas vinculadas á cultura castrexa. Neste caso refírese aos tres soles que na Idade Media apareceron no ceo galego e que fixeron crer aos campesiños que anunciaban o fin do mundo.


ACTIVIDADE 1: DECONSTRUÍNDO A SEOANE

Luís Seoane tiña un estilo moi característico; dicimos que primeiro pintaba (realizaba as grandes superficies de cor cun pincel grosso) e logo debuxaba (facendo as liñas habitualmente negras que indican os detalles da figura). Se extraemos as liñas dalguns dos seus cadros, por exemplo da súa *Muller con rodete*, o resultado é unha obra de arte abstracta cunhas formas máis ou menos xeométricas.



Como se fose un puzzle ou un tangram, recortade as formas coloridas de Luís Seoane e recompoñédeas sobre un papel de xeito libre. Podedes empregar todas as formas ou soamente algunhas delas. Cando teñades as formas colocadas no papel pegádeas e cun rotulador ou marcador negro debuxade sobre elas. Crearedes un novo cadro a partir das formas de Seoane.

1. Recortade as superficies de cor empregadas por Luís Seoane.



2. Facede probas colocando as formas nunha superficie plana ou directamente no papel que ides empregar.



3. Pegade as formas no papel e co rotulador negro pintade os detalles ou as decoracións que lle queirades facer.



4. Poñédelle un título a vosa nova composición.



LUÍS SEOANE. SEN TÍTULO (1959)




LUÍS SEOANE. DIÁLOGO E ALBOROZO (1970)



LUÍS SEOANE. PAISAXE CON ÁRBORES (1960)



MUSEO
DE BELAS ARTES
DA CORUÑA



SEN TÍTULO (1959)



DIÁLOGO E ALBOROZO (1970)



PAISAXE CON ÁRBORES (1960)

ACTIVIDADE 2: O NOSO ÁLBUM DE SERIGRAFÍAS

Inspirándonos nos álbums de gravado de Seoane, imos crear o noso propio. A técnica que empregaremos seméllase á serigrafía, sendo unha versión caseira de estampación.

Materiais

- Pequeno bastidor para bordado
- Gasa, medias... (teas con trama pechada)
- Cola branca
- Pincel
- Folios
- Pintura líquida (acrílica)
- Rotulador
- Obxecto para estender a pintura

1. Escollede un tema sobre o que crear unha serie de estampas. Unha vez seleccionado pensade nun elemento concreto relacionado con ese tema. Inspirándonos na serie dos insectos, exemplificaremos a actividade con outro animal, a araña.

2. Colocade a tea no bastidor. Neste caso reaproveitamos unha media que xa estaba rota. Debe quedar o máis tirante posible.

3. Unha vez colocada a tea, debuxade cun rotulador o elemento que queredes estampar, canto máis sinxelo sexa o debuxo mellor será o resultado. Se a tea é escura podedes colocar un folio ou papel debaixo para que transparente e poidades ver mellor.

4. Unha vez teñamos o debuxo, debemos **imprimir** a tea con cola branca axudándonos dun pincel. A excepción do interior do debuxo, o resto da superficie debe quedar cuberta.

5. Unha vez que vexamos a tea totalmente cuberta deixamola secar e comprobamos que non quedan buratiños ou burbullas. De ser así deberemos repetir o proceso tantas veces como sexa necesario.

6. A continuación colocamos debaixo do bastidor un papel e baleiramos un pouco de pintura acrílica enriba do debuxo que estará libre de cola. Debemos estendela axudándonos dun obxecto ríxido como unha espátula ou unha tarxeta. Se non recubrimos toda a superficie do bastidor temos que ter coidado de non saírmolos por fóra da parte cuberta coa pintura.

7. Con moito coidado levantamos o bastidor e teremos estampado o debuxo no papel. Podemos repetir esta operación deixando secar a pintura para cambiar de cor.

8. Unha vez seca a estampación, poñédelle un título e reunide todos os vosos resultados para crear unha serie.



Glosario

- **Serigrafía:** Procedemento de impresión sobre vidro, madeira etc., no que o debuxo que se quere imprimir se traslada a unha pantalla ou tecido de seda mediante un verniz especial que obtura as zonas que non deben reproducirse e deixa libres as restantes.
- **Xilografía:** Técnica de impresión con prancha de madeira na que o texto ou a imaxe se talla a man cunha gubia ou buril na madeira, despois imprégñase con tinta o taco e presionando contra un soporte (xeralmente papel ou tea) obtense a impresión do relevo.
- **Satírica:** Que emprega a sátira, é dicir, unha crítica ou parodia que tende a ridiculizar.
- **Emigración:** Acción e efecto de emigrar, é dicir, deixar o propio país ou o lugar de orixe, para establecerse noutro, en particular por razóns de traballo.
- **Exilio:** Lugar onde vive a persoa exiliada, é dicir, expulsada da súa patria por motivos políticos, con prohibición de volver a ela.
- **Astroloxía:** Arte de adiviñar o futuro mediante o estudo dos astros, analizando as influencias que estes exercen sobre as persoas.
- **Imprimir:** Cubrir [unha superficie] cos ingredientes necesarios antes de pintala ou tinguila.